



CIRCULAR 119-2023.

XXXI CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MEDIO MARATÓN

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo e a Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía de Arousa, organizan o XXXI Campionato Xunta de Galicia de Medio Maratón Absoluto, Sub 20, Sub 23 e Máster, o domingo 26 de novembro en Vilagarcía de Arousa.

Art.2).- Poderán participar atletas das categorías Sub 20 e superiores que teñan licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- A proba celebrarase sobre un percorrido a 3 voltas (1 pequena + 2 voltas grandes) homologado pola Real Federación Española de Atletismo.

Art.4).- A saída está prevista para as **10:00 horas**, estando a mesma ubicada na Avenida da Mariña da localidade de Vilagarcía de Arousa.

Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> con límite ata o luns 20 de novembro ás 20:00 horas.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal-chip outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie. Non se poderá manipular o mesmo.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- Cámara de chamadas.

- **A Cámara de chamadas estará aberta de 09:20 a 09:45 horas. Ubicarase a carón da saída da proba.**
- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os/as atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.

Art.8).- Tempo límite. Establécese un tempo límite de 2 h e 30 min para rematar a proba. Todo/a atleta que supere este tempo será retirado/a da competición sen posibilidade de entrar na clasificación final.



Art.9).- Clasificación por clubs.

- Farase tomando como referencia a suma de tempos conseguidos polos/as tres primeiros/as atletas dun mesmo club (dos cales só un/unha pode ser estranxeiro/a), saíndo vencedor o club que sume un menor tempo.
- No caso de empate na clasificación o gañador será o club cuxo último/a corredor/a que puntúe quede mellor clasificado/a.
- Os clubs poderán ser masculinos ou femininos, pero non mixtos.

Art.10).- Entrega de premios

- A entrega de premios realizarase a partir das 12:30 horas no auditorio municipal.
- No caso de non acudir ao protocolo de entrega de premios, perderase o dereito a percibilo.
- Entregarase medalla aos/as tres primeiros/as atletas de cada categoría Sub 20, Sub 23, Máster e absolutos. Entregarase trofeo aos tres primeiros clubs masculinos e femininos.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos/as atletas corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal.
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, 10 de outubro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo